



Vicerreitoría de Infraestruturas
e Xestión Ambiental

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

EXPEDIENTE 2009/3003 Lotes 1,2

SERVIZO DE ARQUITECTURA E URBANISMO

Edificio Xoana Capdevielle.
Campus de Elviña s/n.
A Coruña
Teléfono: 981 167 000. Ext.: 5694
Fax: 981 167 090.

**PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A
CONTRATACIÓN SERVIZOS NA REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE
INFRAESTUTURAS DA UDC NOS SEGUINTE S ÁMBITOS:**

**CAMPUS A CORUÑA-ELVIÑA, A CORUÑA – A MAESTRANZA, A CORUÑA –
RIAZOR, A CORUÑA – OZA E OLEIROS** **(LOTE 1)**

CAMPUS DE FERROL-SERANTES E FERROL-ESTEIRO **(LOTE 2)**

1

ÍNDICE

1. OBXECTO
2. NATUREZA DOS TRABALLOS
3. NORMATIVA DE APLICACIÓN E OUTROS DOCUMENTOS DE REFERENCIA
4. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA A PRESENTAR POLOS LICITADORES
5. DOCUMENTOS MÍNIMOS COA QUE CONTARÁN OS PLANOS DIRECTORES DE INFRAESTUTURAS
6. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN
7. PRAZO MÁXIMO PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS
8. DOCUMENTACIÓN ACHEGADA POLA UDC NA FASE DE CONCURSO



1. OBXECTO

É obxecto do presente prego describir as condicións técnicas das que contarán os Plans Directores de Infraestruturas da UDC e as ofertas que se presenten no procedemento de licitación por procedemento aberto para contratos de servizos.

Os ámbitos de traballo son os seguintes:

Campus A Coruña - Elviña.

Campus A Coruña- A Maestranza, A Coruña – Riazor, A Coruña- Oza e Oleiros.

Campus de Ferrol – Esteiro e Ferrol – Serantes

O procedemento aberto do que este documento é prego de condicións técnicas organizase en dous lotes correspondentes a:

LOTE 1. Os ámbitos sinalados do Campus da Coruña e Oleiros

LOTE 2. Os dous ámbitos do Campus de Ferrol

Dentro de cada un deses lotes encádranse as seguintes edificacións e os espazos de urbanización que os delimitan:

LOTE 1:

CAMPUS A CORUÑA – ELVIÑA

CÓDIGO	CENTRO	SUPERFICIE M2
3010	Facultade de Dereito	11.565 m2
3015	Facultade de Informática	15.600 m2
3020	Facultade de Ciencias da Educación	14.490 m2
3025	Facultade de Socioloxía e Facultade de Ciencias da Comunicación	9.973 m2
3030 e 3033	Facultade de Económicas e Escola de Empresariais	20.616m2
3035	Escola de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos	12.500 m2
3040	Pavillón de Estudantes	3.022 m2
3045	O lagar	721 m2
3055	Pavillón Polideportivo	2.528 m2
3060	Gradaría do estadio de atletismo	3.936m2
3070	Edificio de Servizos Centrais de Investigación	10.624 m2
3080	Centro de Documentación e Arquivo	5.323 m2

h

CAMPUS A CORUÑA – A MAESTRANZA

CÓDIGO	CENTRO	SUPERFICIE M2
1010	Reitoría da UDC	8.785 m2
1015	Club Náutico	874 m2

CAMPUS A CORUÑA – RIAZOR

CÓDIGO	CENTRO	SUPERFICIE M2
4010	Escola de Técnica Superior de Náutica e Máquinas	9.646 m2
4015	Centro Universitario de Riazor	7.995 m2
4020	Centro Cultural de Riazor	10.993 m2

CAMPUS A CORUÑA – OZA

CÓDIGO	CENTRO	SUPERFICIE M2
5510 e 5513	Facultade de Ciencias da Saúde	6.273 m2
5515	O Fortín, Laboratorios do Instituto de Ciencias da Saúde	1.189 m2
5520	Pavillón Modernista. Edificio de Servizos Administrativos	328.45 m2
5521	Edificio de Grao de Terapia Ocupacional	1.324 m2
5525	Comedor Universitario	723.25 m2

CAMPUS A CORUÑA – OLEIROS

CÓDIGO	CENTRO	SUPERFICIE M2
8011	Pazo de Lóngora	1.895 m2
8020	Facultade de Ciencias do Deporte. Pazo	15.773 m2
8022	Facultade de Ciencias do Deporte . Aulas e Servizos	
8023	Facultade de Ciencias do Deporte. Pavillón de Usos múltiples	
8024	Facultade de Ciencias do Deporte. Piscina	
8025	Facultade de Ciencias do Deporte. Pavillón 1	
8026	Facultade de Ciencias do Deporte. Pavillón 2.	
8027	Facultade de Ciencias do Deporte. Sala de Musculación.	



LOTE 2:

CAMPUS FERROL

CÓDIGO	CENTRO	SUPERFICIE M2
6040	Casa do Patín	1.489 m2
6075	Comedor Universitario	463 m2
6065	Departamentos Facultade Humanidades	3.827 m2
6015	E. Politécnica Superior	8.149 m2
6030	E. U. Deseño Industrial	2.518 m2
6045	Talleres Tecnolóxicos de Enxeñería	2.666 m2
6020	Enfermaría e Podoloxía	2.612 m2
6025	Relacións Laborais	3.844 m2
6060 e 6070	Edificio Apoio ó Estudo e Extensión Universitaria	2.458 m2
6055	Edificio Usos Administrativos e de Xestión	368 m2
6010	Facultade Humanidades	3.827 m2
6035	Laboratorio Tecnolóxico-CIT	3.366 m2
6051	Salón de Actos	1.611 m2
6050	Vicerreitorado	1.574 m2
7010	Escola Universitaria Politécnica	10849 m2

É obxecto do Plan Director de Infraestruturas impulsado pola Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión ambiental da Universidade da Coruña conseguir unha diagnose global no tocante ás necesidades de futuro do Ensino Superior reflectidas no Plan Europeo de Ensino Superior e á adaptación dos edificios e os espazos públicos ás diversas normativas do eido da construción.

2. NATUREZA DOS TRABALLOS

O Plan Director de Infraestruturas é o documento que rexerá a adaptación dos Campus da UDC e dos edificios que os forman aos requirimentos das directrices do Plan Europeo de Ensino Superior (PEES), á normativa vixente no campo da edificación e as instalacións, e á necesaria tendencia cara a construción dun contorno sustentable.

3. NORMATIVA DE APLICACIÓN E OUTROS DOCUMENTOS DE REFERENCIA

- Directrices do Plan Europeo de Ensino Superior
- Código Técnico da Edificación na súa totalidade, e con especial atención aos requisitos establecidos no DB SU (seguridade na utilización) e DB SI (seguridade contra incendios).



- c. Decreto 35/2000 de eliminación de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galiza.

4. DOCUMENTACIÓN TÉCNICA QUE PRESENTARÁN OS LICITADORES

A documentación técnica consistirá nunha memoria xustificativa dos traballos que se acometerán en cada un dos planos que se especifican no apartado 5 deste prego de condicións técnicas.

5. DOCUMENTACIÓN MÍNIMA COA QUE CONTARÁN OS PLANOS DIRECTORES DE INFRAESTUTURAS

a. Diagnose

Estado actual de uso dos diversos edificios e elaboración dun rexistro do seu uso temporal, coa situación de espazos dispoñíbeis nas distintas franxas horarias.

Análise do comportamento da edificación respecto ás especificacións da normativa (PEES, CTE,...)

Especificación das diversas desviacións respecto á normativa..

b. Propostas de Adecuación á normativa existente e ás directrices do PEES.

Propostas pormenorizadas referidas aos distintos centros coa especificación das accións de mellora necesarias para adaptalas ás distintas normativas sinaladas e para conseguir o seu uso óptimo en concordancia coas directrices do PEES.

Determinación da distinta natureza dos traballos a realizar (nova obra, reparacións ou reposicións, mellora das instalacións, variación dos usos horarios ou cambios de uso de espazos...)

Determinación do orde de prioridades para acometer as melloras, do prazo de execución e dun orzamento estimativo das medidas

c. Propostas de accións de mellora non reflectidas na normativa.

Indicaranse neste apartado as medidas que se considere necesario acometer destinadas a mellorar o uso e a reforzar a tendencia a construír un contorno sustentable no económico, ambiental e social. As medidas deberán comprender a totalidade do ámbito de concurso e referirse a eidos tais como a mobilidade, o uso, as relacións de ámbito territorial....

A igual que no anterior apartado determinarase a natureza dos traballos a acometer, a súa orde de prioridade, un prazo de execución e un orzamento estimativo das diversas medidas.

d. Relación dos compoñentes do equipo de traballo que realizarán o proxecto. Deberá ser un equipo pluridisciplinar que poida estudar de forma conxunta os parámetros arquitectónicos, de instalacións e ambientais aquí referidos.

6. ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN

Establécese un importa máximo de licitación conxunto, IVE incluído de 200.680 €

Dividido nos seguintes lotes:

LOTE 1: 131.000 € + IVE = 151.960 €

LOTE 2: 42.000 € + IVE = 48.720 €

7. PRAZO MÁXIMO PARA A EXECUCIÓN DOS TRABALLOS

Lote 1: Establécese un prazo máximo de 120 días naturais contado desde o día seguinte ao da firma do contrato para a entrega da totalidade dos traballos. Establecese tamén un prazo parcial de entrega aos sesenta días da sinatura do contrato, no que se presentará un documento que recolla as medidas que revistan unha máxima urxencia.

Lote 2: Establécese un prazo máximo de noventa días contado desde o día seguinte ao da firma do contrato para a entrega da totalidade dos traballos. Establecese tamén un prazo parcial de entrega aso corenta e cinco días da sinatura do contrato, no que se presentará un documento que recolla as medidas que revistan unha máxima urxencia.

Na entrega da documentación achegarase copia en papel e copia en formato dixital para uso do Servizo de Arquitectura, Urbanismo e Equipamento da UDC.

8. DOCUMENTACIÓN ACHEGADA POLA UDC NA FASE DE CONCURSO

- a. Planos de situación e urbanísticos de cada unha das áreas
- b. Plantas e seccións dos distintos edificios
- c. Plantas de urbanización
- d. Cadro de superficies dos distintos edificios
- e. Fotografía do contorno e dos edificios

A Coruña, febreiro de 2009

O xefe do Servizo de Arquitectura e Urbanismo da UDC

Roi Salgueiro Barrio

Contorne
O Xerente



Asdo.: Manuel Galdo Pérez